



AXUDAS PARA ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR 2024/2025

O IES de Chapela está incluído no proxecto de educación dixital (**Edixgal**) en todos os cursos da **ESO**, polo que o alumnado non pode participar no fondo solidario de libros de texto e das axudas para adquirir libros de texto. Non obstante, si poderá solicitar a axuda para adquirir material escolar (cheque de 60 € ou 75 €, dependendo da renda per cápita familiar) cando reúnan os requisitos establecidos na Orde do 7 de maio de 2024:

- ✓ **Renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €** (vale de 75 €)
- ✓ **Renda per cápita familiar superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000** (vale de 60 €)
- ✓ **Persoas en garda e tutela da Xunta** (vale de 75 €, independentemente da renda)
- ✓ **Discapacidade \geq 65%** (vale de 75 €, independentemente da renda)

▪ Convocatoria :

[Orde DOG Luns, 20 de maio de 2024 \(xunta.gal\)](#) (ORDE do 7 de maio de 2024)

▪ Destinatarios do IES: alumnado de 1º, 2º, 3º e 4º ESO.


- **Quen debe presentar as solicitudes?** Nai, pai ou titor/a legal. Unha solicitude única para todos os fillos ou fillas admitidas no mesmo centro para o curso 2024/2025, especificando o nivel que agarda realizar cada un deles. No caso de que a solicitude se tramite por vía electrónica empregando a aplicación "fondolibros" <https://www.edu.xunta.gal/fondolibros/>, será necesaria a presentación dunha solicitude por cada alumno aínda que estean no mesmo centro.

▪ Documentación:

- ❖ **Anexo I:** solicitude (Cubrir na aplicación informática <https://www.edu.xunta.gal/fondolibros/>).
- ❖ **Anexo II:** comprobación telemática dos datos dos membros computables da unidade familiar. Deben figurar todos os membros da unidade familiar, e debe estar asinado. **No caso de menores de idade debe asinar o pai / nai / titor-a legal.**
- ❖ **Copia do libro de familia** onde figuren todos os membros computables da unidade familiar. Só no caso de non ter libro de familia ou se a situación familiar, a día 31 de decembro de 2022, non coincide coa do libro, terán que presentarse documentos acreditativos tales como: sentenza xudicial de separación ou divorcio ou convenio regulador onde conste a custodia do menor, certificado ou volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou órgano equivalente do concello de residencia que acredite a situación familiar.
- ❖ No caso de **discapacidade** igual ou superior ao 33% dalgún membro da unidade familiar, documentos que acrediten esta circunstancia a 31 de decembro de 2022.
- ❖ No caso de situación de **violencia de xénero**: documentación xustificativa.
- ❖ **No caso de non permitir a consulta telemática** dos datos, marcalo no Anexo II e achegar orixinal e copia de DNI de todos os membros computables da unidade familiar e a declaración da renda 2021.

▪ Lugar de presentación da solicitude:

- ❖ **A) Opción preferente por vía electrónica:** sede electrónica <https://sede.xunta.gal> (procedemento ED330B). Os formularios a cubrir e presentar están dispoñibles en <https://edu.xunta.es/fondolibros> Para presentar as solicitudes poderase empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de



Galicia, incluído o sistema de usuario e Chave365. Unha vez presentada a solicitude na sede electrónica a persoa solicitante recibirá unha mensaxe no seu correo electrónico, importante para saber que rematou o proceso de entrega correctamente.

- ❖ **B) Opcionalmente** no centro onde cursará estudos o 2024/2025 ou nos rexistros administrativos. Imprimirá e presentará os **Anexo I.pdf** e **Anexo II.pdf** (<https://sede.xunta.gal/doc-invia/rest/anexos/23899294>)

- **Prazo de presentación:** dende o 21 de maio do 2024 ata o 21 de xuño de 2024, ambos incluídos.

O alumnado que repita 4º da ESO e aquel que non obteña praza en formación profesional básica no curso 2024/2025 e formalice a matrícula no curso da ESO que lle corresponda, cando non presentase solicitude de participación no fondo solidario nin de axuda para adquirir material escolar no prazo indicado, tamén poderá presentala no prazo dun (1) mes desde a formalización da matrícula (setembro).

- **Publicación listaxe provisional: 12 xullo** nos taboleiros do centro. Así mesmo, as persoas solicitantes poderán acceder por vía electrónica ao seu expediente, a través da aplicación Fondolibros. Non nos está permitido a publicación na páxina web.
- **Reclamacións:** ata o **19 de xullo**, incluído, no centro.
- **Publicación listaxe definitiva: 26 de xullo.** Así mesmo, as persoas solicitantes poderán acceder por vía electrónica ao seu expediente, a través da aplicación Fondolibros.
- **Recollida de vales:** consultar na web do centro.

IMPORTANTE:


1. O ano de referencia será 2022 e os datos para comprobar a unidade familiar serán **31/12/2022**.
2. No Anexo I (solicitude) lembrar que os DATOS DA PERSOA SOLICITANTE son os da persoa que o solicita: **Pai, nai ou titor/a**.
3. As persoas que presentan a solicitude telemáticamente, e que non dispoñen de sinatura dixital, deben imprimir o Anexo I e Anexo II antes de achegalos. É importante comprobar que chega o correo de confirmación de presentación da sede electrónica.
4. O Anexo I asinarao a persoa solicitante, e o Anexo II todos os membros computables, agás o solicitante, e no caso de menores debe asinalo a persoa adulta responsable.

Chapela, 21 de maio de 2024

O secretario



Alexandre Méndez Miguens



PROCEDEMENTO PARTICIPACIÓN NO FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO E AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO ED330B 	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	-------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE *PAI, NAI, TITORIA*

NOME PRIMEIRO APELLIDO SEGUNDO APELLIDO NIF

TIPO NOME DA VÍA NÚM. BLOQ. ANDAR PORTA

PARROQUIA LUGAR

CÓDIGO POSTAL PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO 1 TELÉFONO 2 CORREO ELECTRÓNICO

DISCAPACIDADE IGUAL OU SUPERIOR AO 33 % SI NON SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO: SI NON

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL PRIMEIRO APELLIDO SEGUNDO APELLIDO NIF

ENDEREZO (alternativo, só se non coincide co anterior)

TIPO NOME DA VÍA NÚM. BLOQ. ANDAR PORTA

PARROQUIA LUGAR

CÓDIGO POSTAL PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

DATOS DO CENTRO (no cal estea admitido o/a alumno/a para o curso 2023/24)

DENOMINACIÓN DO CENTRO *IES DE CHAPELA*

TIPO DE CENTRO Público Concertado CONCELLO *REDONDELA* CÓDIGO DO CENTRO *36019566*

DATOS DO ALUMNADO (indique os datos de todos os/as alumnos/as que estean no mesmo centro).

NIF	Nome e apelidos	Data de nacemento	Estudos e curso que realizará en 2023/24	Discapacidade igual ou superior ao	Tutela ou garda Xunta de Galicia
<i>TODOS RAPAZES</i>			<input type="radio"/> EP <input type="radio"/> ESO <input type="radio"/> EE	<input type="radio"/> 33 % <input type="radio"/> 65 %	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
<i>POLOS QUE SE SOLICITA, QUE ESTEAN AQUÍ NO VINDEIRO CURSO</i>			<input type="radio"/> EP <input type="radio"/> ESO <input type="radio"/> EE	<input type="radio"/> 33 % <input type="radio"/> 65 %	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
			<input type="radio"/> EP <input type="radio"/> ESO <input type="radio"/> EE	<input type="radio"/> 33 % <input type="radio"/> 65 %	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
			<input type="radio"/> EP <input type="radio"/> ESO <input type="radio"/> EE	<input type="radio"/> 33 % <input type="radio"/> 65 %	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
			<input type="radio"/> EP <input type="radio"/> ESO <input type="radio"/> EE	<input type="radio"/> 33 % <input type="radio"/> 65 %	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
			<input type="radio"/> EP <input type="radio"/> ESO <input type="radio"/> EE	<input type="radio"/> 33 % <input type="radio"/> 65 %	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON



MEMBROS COMPUTABLES DA UNIDADE FAMILIAR (o alumnado de EE, con discapacidade igual ou superior ao 65 % ou en situación de tutela ou garda da Xunta, non cubrirá esta epígrafe).

Indicar o número de membros distintos da persoa solicitante e do alumnado para o que solicita a participación no fondo e/ou nas axudas.....:

NIF	NOME E APELIDOS	PARENTESCO	DATA DE NACEMENTO	DISCAPACIDADE IGUAL OU SUPERIOR AO 33 %
	- CÓNXU XE	Cónxuxe/análogo		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
	- RESTO FILLOSAS	Fillo/a*		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
	MENOS POLO QUE SOLICITA	Fillo/a*		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
		Fillo/a*		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON

*Inclúase:
 - Menores de 18 anos non emancipados, excepto o alumnado incluído na presente solicitude.
 - Maiores de 18 anos discapacitados suxeitos a curatela representativa ou a patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
 - Solteiros menores de 25 anos, cando convivan no domicilio familiar.

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

- Que acepta as bases da convocatoria, que cumpre os requisitos exixidos nela e que son certos todos os datos indicados na solicitude.
- Que devolverá os libros de texto e/ou o material adquirido coas axudas para libros de texto ou recibido do fondo solidario no curso 2022/23; o alumnado de 1 e 2º de EP, de EE ou con discapacidade igual ou superior ao 65 %, só terá esta obriga cando se poida reutilizar. A falta de devolución será causa de exclusión da participación no fondo solidario e nas axudas para adquirir libros de texto e material escolar no curso 2023/24.
- Conservar en bo estado os libros de texto e material reutilizable que reciba do fondo solidario ou adquira coa axuda para adquirir libros de texto no curso 2023/24, e devolvelos ao rematar este no mes de xuño.
- Destinar o importe do vale para libros de texto a adquirir os libros de texto que indique o centro en que estea matriculado.
- Destinar o importe do vale para material escolar a adquirir o material escolar que necesite.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

SEMPRE

Anexo II (Comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar)

Copia do libro de familia ou documento equivalente onde figure o/a alumno/a e os demais membros computables da unidade familiar. En caso de separación ou divorcio ademais, deberán achegar:

Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do menor

Excepcionalmente, poderase acreditar o número de membros computables utilizando algún dos seguintes medios:

Certificado ou volante de convivencia.

Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.

Certificado de discapacidade do/da alumno/a ou calquera membro da familia non expedido pola Administración autonómica.

Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero no ámbito familiar.

Resolución xudicial constitutiva da curatela representativa ou resolución xudicial que estableza a patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou certificado do centro de menores, para alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.

Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai ou a nai ou o titor ou titores carezan de DNI ou NIE

Outra documentación

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se oponían a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

DNI ou NIE da persoa solicitante	OPÓNOME Á CONSULTA
DNI ou NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
MARQUE O RECADRO CORRESPONDENTE PARA SINALAR AS CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN	
Certificado de discapacidade expedido pola Administración autonómica	<input type="checkbox"/>
Percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez ou equivalente de clase pasivas	<input type="checkbox"/>
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS	
A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
Declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas ou certificado tributario de imputacións do exercicio 2021	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON



INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. Secretaría Xeral Técnica.
Finalidades do tratamento	Os datos persoais facilitados no presente formulario serán tratados coa finalidade de xestionar a participación no fondo solidario de libros de texto e as axudas para adquirir libros de texto e material escolar, así como a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá e o exercicio da función educativa e orientadora.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1, letras c) e e), do RXPd, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar ante o responsable do tratamento o acceso, rectificación, oposición, limitación e supresión dos seus datos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información adicional	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Decreto 11/2009, do 8 e xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.
- Orde do 10 de maio de 2023 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2023/24 (códigos de procedemento ED330B, ED330G e ED330H).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

PAI, MAI, TITORIA

Lugar e data

_____, ____ de _____ de _____

Centro

ANEXO II

COMPROBACIÓN DE DATOS DOS MEMBROS COMPUTABLES DA UNIDADE FAMILIAR


ED330B - PARTICIPACIÓN NO FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO E AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR

As persoas interesadas, mediante a súa sinatura, declaran de ter sido informadas da incorporación dos seus datos persoais ao expediente en tramitación. No caso de menores de idade, este documento deberá ser asinado por un dos proxenitores, titor/a ou representante legal. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

NIF	NOME E APELIDOS	MENOR DE IDADE	COMPROBACIÓN DE DATOS		SINATURA
			Os seguintes documentos serán obxecto de consulta ás administracións públicas	OPÓÑOME Á CONSULTA	
		<input type="checkbox"/>	DNI/NIE CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN <input type="checkbox"/> Certificado de discapacidade expedido pola Admón. autonómica <input type="checkbox"/> Pensión incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez	<input type="checkbox"/>	<i>SE É MENOR DE IDADE, QUE ASINE UN PADRE/ MAIOR RESPONSABLE</i>
		<input type="checkbox"/>	DNI/NIE CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN <input type="checkbox"/> Certificado de discapacidade expedido pola Admón. autonómica <input type="checkbox"/> Pensión incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez	<input type="checkbox"/>	
		<input type="checkbox"/>	DNI/NIE CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN <input type="checkbox"/> Certificado de discapacidade expedido pola Admón. autonómica <input type="checkbox"/> Pensión incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez	<input type="checkbox"/>	

TODAS O SOLICITANTE MENOS

De non ser suficiente o espazo previsto no cadro anterior, deberán cubrir e enviar tantos anexos como sexan necesarios.



ANEXO II (continuación)

NIF	NOME E APELIDOS	MENOR DE IDADE	COMPROBACIÓN DE DATOS Os seguintes documentos serán obxecto de consulta ás administracións públicas		SINATURA
				AUTORIZO A CONSULTA	
		<input type="checkbox"/>	CONSENTIMENTO PARA A CONSULTA DE DATOS. No caso de non dar autorización, deberá achegar o documento correspondente Declaración do imposto sobre a renda do exercicio 2021	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	FIRMAR ALGÚN MAIOR IDOS MENORES
		<input type="checkbox"/>	CONSENTIMENTO PARA A CONSULTA DE DATOS. No caso de non dar autorización, deberá achegar o documento correspondente Declaración do imposto sobre a renda do exercicio 2021	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
		<input type="checkbox"/>	CONSENTIMENTO PARA A CONSULTA DE DATOS. No caso de non dar autorización, deberá achegar o documento correspondente Declaración do imposto sobre a renda do exercicio 2021	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	

TODOS MENOS O SOLICITANTE

De non ser suficiente o espazo previsto no cadro anterior, deberánse cubrir e enviar tantos anexos como sexan necesarios.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. Secretaría Xeral Técnica.
Finalidades do tratamento	Os datos persoais facilitados no presente formulario serán tratados coa finalidade de xestionar a participación no fondo solidario de libros de texto e as axudas para adquirir libros de texto e material escolar, así como a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá e o exercicio da función educativa e orientadora.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1, letras c) e e), do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar ante o responsable do tratamento o acceso, rectificación, oposición, limitación e supresión dos seus datos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información adicional	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

Lugar e data

_____ , _____ de _____ de _____

